



#### IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

##### O Barco de Valdeorras

Anuncio de delegación das funcións da Alcaldía no primeiro tenente de alcalde

Por Resolución da Alcaldía con data 13 de novembro de 2017, acordouse:

1º.- Delegar o exercicio da totalidade das funcións da Alcaldía na persoa do primeiro tenente de alcalde, don Aurentino Alonso Araujo, o día 15 de novembro de 2017.

2º.- Comunicar esta resolución ao interesado.

3º.- Publicar esta delegación no Boletín Oficial de Ourense.

O Barco de Valdeorras, 13 de novembro de 2017. O alcalde.

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

*Anuncio de delegación de las funciones de la Alcaldía en el primer teniente de alcalde*

*Por Resolución de la Alcaldía de fecha 13 de noviembre de 2017, se acordó:*

*1º.- Delegar el ejercicio de la totalidad de las funciones de la Alcaldía en la persona del primer teniente de alcalde, don Aurentino Alonso Araujo, el día 15 de noviembre de 2017.*

*2º.- Comunicar la presente resolución al interesado.*

*3º.- Publicar la presente delegación en el Boletín Oficial de Ourense.*

*O Barco de Valdeorras, 13 de noviembre de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: Alfredo L. García Rodríguez.*

**R. 3.526**

##### O Barco de Valdeorras

Anuncio de delegación

Por Resolución da Alcaldía con data 13 de novembro de 2017, acordouse:

1º.- Delegar na persoa de dona María Irene Dacal Feijóo (34905633-M), concelleira delegada de Promoción Económica, Turismo, Comercio e Consumo do Concello do Barco de Valdeorras, a competencia para acudir como representante deste concello para asinar os estatutos e constitución da Asociación de Municipios do Camiño de Inverno a Santiago, que se realizará o próximo día 20 de novembro de 2017, ás 12.30 horas, no Castelo de Ponferrada.

2º.- Notificar á Asociación de Municipios do Camiño de Inverno a Santiago e á interesada.

3º.- Publicar esta delegación no Boletín Oficial de Ourense.

O Barco de Valdeorras, 13 de novembro de 2017. O alcalde.

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

*Anuncio de delegación*

*Por Resolución de la Alcaldía de fecha 13 de noviembre de 2017, se acordó:*

*1º.- Delegar en la persona de doña María Irene Dacal Feijóo (34905633-M), concejala delegada de Promoción Económica, Turismo, Comercio y Consumo del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras, la competencia para acudir como representante de este ayuntamiento para firmar los estatutos y constitución de la Asociación de Municipios del Camino de Inverno a Santiago, que se celebrará el próximo día 20 de noviembre de 2017, a las 12:30 horas, en el Castillo de Ponferrada.*

*2º.- Notificar a la Asociación de Municipios del Camino de Inverno a Santiago y a la interesada.*

*3º.- Publicar la presente delegación en el Boletín Oficial de Ourense.*

*O Barco de Valdeorras, 13 de noviembre de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: Alfredo L. García Rodríguez.*

**R. 3.527**

##### O Barco de Valdeorras

Unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión realizada o día 26 de outubro de 2017, as bases que se citan máis abaixo, publícase este anuncio para os efectos de que as entidades interesadas poidan presentar solicitude no prazo de 10 días naturais a contar dende o seguinte ao de publicación destas bases no BOP de Ourense.

Bases polas que se regula o réxime de concesión de axudas ás ANPAS do Concello do Barco de Valdeorras para o exercicio 2016/2017

Co gallo de colaborar na importante labor realizada polas asociacións de nais e pais de alumnos/as dentro da comunidade escolar e para potenciar o seu papel como dinamizadores da vida social do municipio, o Concello do Barco de Valdeorras adopta unha política de fomento que se concreta nas axudas regulamentadas por estas bases:

Estipulacións das bases

Primeira. Obxecto da subvención

O obxecto desta convocatoria é a colaboración do concello coas ANPAS para a realización de proxectos de interese para a comunidade educativa que sexan desenvolvidos en cada centro escolar de maneira complementaria á actividade regrada e atendendo situacións de necesidade.

Para tal fin regúlase a concesión de subvencións a asociacións de nais e pais de alumnos que teñan a súa sede no municipio do Barco de Valdeorras, e estean legalmente constituídas, para o ano 2017 (curso escolar 2016-2017).

Segunda. Dotación económica

A dotación económica das axudas queda establecida para o exercicio 2017 na cantidade de 4.200,00 € (catro mil douscentos euros), consignados na partida orzamentaria 2017-320/48900.

Terceira. Réxime xurídico

Esta convocatoria rexerese, ademais de polo previsto nestas bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións, e polo disposto na base 35 das bases de execución do orzamento de 2017 desta Corporación.

Cuarta. Programas e entidades subvencionables

As entidades que se presenten a esta convocatoria poden facelo cun único proxecto de actividades. Poden ser obxecto de subvención aqueles proxectos desenvolvidos por ANPAS ao longo do ano natural 2017, aínda que pertencen á programación de dous cursos escolares distintos, cuxas actividades complementen ou suplan as competencias en materia de educación do Concello do Barco de Valdeorras, mediante a realización de programas xerais ou específicos que sirvan para completar ou reforzar os servizos no seu ámbito territorial, así como o apoio económico aos gastos de funcionamento da ANPA.

Os programas e actividades subvencionados atenderán, entre outros aspectos, aos seguintes:

- actividades organizadas durante o curso escolar 2016-2017 por asociacións de nais e pais de alumnos legalmente constituídas, sempre que actúen no municipio e teñan razón social no

mesmo. As actividades poden consistir en excursións, conferencias, representacións, recitais, concertos, talleres, cursiños, e outras actividades similares que teñan relación co obxecto social dunha ANPA e realizadas no propio centro.

- programas de funcionamento ordinario: os gastos derivados do funcionamento ordinario da ANPA tamén se consideran subvencionables sempre que non excedan do 30% do seu orzamento.

Non serán subvencionables:

- os gastos de investimento; enténdense por tales:

- as adquisicións de bens cun importe unitario superior a 300,51 €.

- as adquisicións de bens ou a contratación de servizos de empresas ou outros terceiros destinados á realización de obras ou instalacións.

- os gastos de fin de curso.

As asociacións ou entidades que concorren para obter axudas deberán reunir os seguintes requisitos;

- Estar legalmente constituídas como mínimo, un ano antes de haberse adaptado á nova Lei de asociacións (Lei orgánica 12002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación).

- Ter a sede social no municipio do Barco de Valdeorras.

- Carecer de fins lucrativos.

- Ter cumprido coas obrigas que se deriven das presentes bases e ademais, non ter débedas contraídas coa Seguridade Social, nin coas facendas estatal, autonómica e local.

Quinta. Criterios de valoración e concesión de subvencións

1) A todas as solicitudes recibidas aplicaráselle o baremo establecido e público que se incorpora, no punto 5) desta base.

2) Unha vez valoradas todas as solicitudes determinarase a cantidade exacta que lle corresponde a cada ANPA coma axuda.

3) Unha vez finalizado o proceso de avaliación, comunicaráselle ás ANPAS o importe da axuda correspondente.

4) Para poder efectuar o pagamento das asignadas a cada ANPA, estas deberán de ter xustificada previamente á derradeira subvención recibida polo Concello do Barco de Valdeorras. No caso de que non xustificase a totalidade da subvención, ou de que parte dos xustificantes se consideren improcedentes, farase a seguinte retención sobre a cantidade da subvención correspondente a esta convocatoria.

Retención = (última subvención percibida) - (total xustificado - xustificantes improcedentes)

5) Os criterios que se aplicarán no caso de concorrencia e competencia serán os seguintes:

- Por cada actividade organizada polo concello e na que participou: 12 puntos

- Por cada unha das actividades organizadas pola ANPA para o propio Centro: 5 puntos

(A puntuación máxima destes apartados será de 50 puntos)

- Programación e desenvolvemento de programas educativos de:

- Por cada unidade de actividade de educación ambiental que se desenvolva: 5 puntos.

- Por cada unidade de educación en valores que se desenvolva: 5 puntos.

- Por cada unidade de educación na igualdade que se desenvolva: 5 puntos.

- Por cada unidade de educación en saúde que se desenvolva: 5 puntos.

(A puntuación máxima por este apartado será de 50 puntos)

Sexta. Solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais a contar desde o seguinte ao de publicación desas bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Para os efectos dunha maior difusión desta convocatoria, publicarase anuncio nas páxinas locais dun diario de difusión provincial, no taboleiro de

anuncios físico e dixital ([www.concellodobarco.org/ Acceso sede electrónica/Taboleiro de edictos](http://www.concellodobarco.org/ Acceso sede electrónica/Taboleiro de edictos)) do concello, non en tanto, o prazo de presentación de solicitudes computarase desde a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, con independencia de cal sexa a data de publicación nos restantes medios de difusión.

As solicitudes presentaranse no modelo previsto no anexo I (dispoñible na páxina web do Concello ([www.concellodobarco.org/ Acceso sede electrónica/Impresos e formularios/Solicitudes](http://www.concellodobarco.org/ Acceso sede electrónica/Impresos e formularios/Solicitudes)), subscrita polo/a representante legal da entidade interesada, irán dirixidas ao alcalde, e presentaranse no Rexistro Xeral do concello, situado na casa do concello, Edificio Multiusos, praza do Concello, 2, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres, ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Aquelas entidades que presenten varios proxectos ou actividades terán que presentar a documentación que se solicita nestas bases para cada un deles.

A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación, que necesariamente deberá ser orixinal asinado por responsable da asociación, ou copia compulsada por funcionario do Concello do Barco de Valdeorras, previo cotexo do documento orixinal:

- Fotocopia do DNI do solicitante; fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.

- Certificados orixinais de atoparse ao corrente do pagamento coa Seguridade Social e de atoparse ao corrente coa Facenda Estatal e Autonómica, requisito previo de participación no procedemento, que non exixe da posterior presentación, xunto coa documentación xustificativa, dos correspondentes certificados de atoparse ao corrente expedidos pola Seguridade Social, a Axencia Tributaria e a Xunta de Galicia e que deben cumprirse no momento da solicitude.

- Certificado de non ter débedas contraídas co Concello do Barco de Valdeorras (expedido pola Tesourería municipal previa solicitude).

- Declaración xurada de axudas solicitadas e/ou concedidas a/por outras administracións ou entidades para a actividade ou proxecto presentado para esta convocatoria de subvencións

- Certificado da entidade bancaria na que se fará constar o número de conta e o titular desta.

- Proxecto da actividade para a que solicita a subvención, onde estean determinados os obxectivos que se pretenden alcanzar, a poboación á que van dirixidos, o número de beneficiarios, a metodoloxía a seguir, as actividades a realizar, os medios técnicos, persoais e materiais cos que contan, o calendario de realización, os criterios para a avaliación e o orzamento desagregado, de ingresos, gastos e conceptos.

Sétima. Comisión Informativa de Avaliación

O persoal técnico da Cancellaría de Educación realizará un informe de cada proxecto ou actividade presentado e proposta de subvención, que posteriormente trasladarase á Comisión Informativa de Medio Ambiente, Sanidade, Educación e Servizos para o seu ditame.

Oitava. Aprobación, xustificación e pagamento

A Xunta de Goberno Local, a proposta motivada do concelleiro/a de Educación, e previo informe de fiscalización da Intervención Municipal, aprobará as propostas de subvencións, ben sexa polo importe total previsto na partida orzamentaria, ou ben por unha cantidade parcial; tamén pode acordar non outorgar ningunha subvención.



O prazo máximo para a resolución do procedemento, que esgota a vía administrativa, será de dous meses a contar dende a data seguinte á terminación do prazo de presentación de solicitudes. O dito prazo procederá prorrogarse por un mes mais a proposta do concelleiro responsable. No caso de que transcorrido dito tempo non se houberan outorgado todas ou algunha das subvencións solicitadas, os beneficiarios considerarán as mesmas denegadas por silencio negativo.

A notificación da concesión das subvencións farase conforme o establecido para a práctica da notificación na Lei 30/1992, publicándose asemade un anuncio na páxina web municipal ([www.concellodobarco.org/ Acceso sede electrónica/Taboleiro de edictos](http://www.concellodobarco.org/ Acceso sede electrónica/Taboleiro de edictos)).

As ANPAS subvencionadas recibirán o importe da mesma unha vez xustificada, xustificación que terá que facerse antes do 15 de decembro de 2017, segundo o anexo II, e sen previo requirimento por parte deste concello. De non presentala antes do dito prazo, perderase o dereito á subvención que puidera corresponderlle.

A concesión efectiva destas subvencións sesta condicionada á correcta xustificación do importe concedido, de acordo co seguinte proceso:

- Só se admitirán facturas xustificativas de gastos que estean comprendidas entre o 1 de setembro de 2016 e o 31 de agosto de 2017.

- O importe conxunto dos gastos correctamente xustificadas, deberá ser, como mínimo, o dobre do importe concedido, procedéndose á redución proporcional para o caso de ser inferior.

A omisión de xustificación ou a incorrecta xustificación da subvención nas condicións e prazos establecidos nestas bases suporá que só se subvencione a parte correctamente xustificada da actividade ou proxecto.

En calquera caso, a xustificación da subvención consistirá na presentación dos seguintes documentos:

- Memoria explicativa da realización do proxecto ou actividade subvencionados, con avaliación dos resultados obtidos, asinada por/pola presidente/a da entidade.

- Memoria económica: consistente na relación de facturas orixinais vinculadas coa memoria da solicitude, correspondentes á actividade ou proxecto subvencionado e ao período subvencionable desta convocatoria. Asemade, achegaranse as facturas orixinais expedidas a nome da entidade perceptora da subvención, nas que se deberá facer constar todas as mencións recollidas na normativa aplicable (Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación).

- Xustificantes de pago bancario de facturas

Todas aquelas facturas que non conteñan os apartados anteriormente expostos non terán valor xustificativo do gasto, non considerándose subvencionables. Todas aquelas facturas que non correspondan ao período subvencionable non serán admitidas. A base 35ª das bases de execución do orzamento de 2017 desenvolve a xustificación de subvencións no seu apartado 6.

- Certificado de atoparse ao corrente coa facenda estatal e coa facenda autonómica, expedidos pola entidade competente.

- Certificado de atoparse ao corrente coa Seguridade Social, expedido pola entidade competente.

O concello poderá solicitar en calquera momento cantos informes considere oportunos sobre o estado de realización do proxecto ou actividade subvencionada, así como a aplicación da axuda concedida.

O concello poderá anular total ou parcialmente a subvención concedida cando o programa ou actividade realizada non se corresponda co proxecto que foi obxecto de subvención.

Procederá o reintegro das cantidades entregadas en concepto de subvención e a esixencia de xuro de demora desde o momento do pago da subvención, nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificación.

b) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.

c) Incumprimento da finalidade para a que se outorgou a subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas na base 9ª.

Procederá o reintegro do exceso obtido pola asociación no caso que se acredite que o gasto correctamente xustificado polo solicitante non é igual ou superior ao dobre do importe da axuda concedida, tendo en conta que a axuda concedida non pode superar o 50% do gasto correctamente xustificado.

Previa petición dos interesados, o que se fará constar na instancia de petición, e acordo da Xunta de Goberno Local, poderase anticipar ata un 80% da subvención concedida, que se aborará en función das disponibilidades líquidas de tesourería.

Novena. Obrigas dos beneficiarios

Os perceptores desta subvención virán obrigados a:

- Responder legalmente da veracidade dos datos expostos e do desenvolvemento do proxecto ou a actividade subvencionada.

- Comunicar calquera eventualidade que se produza no proxecto ou actividade subvencionada.

- Todas as actividades subvencionadas deberán conter o logotipo do Concello do Barco de Valdeorras-Concellería de Cultura e Educación como entidade colaboradora, tanto nos medios de comunicación, difusión e publicidade (páxina web, cartel, folleto, etc...)

- Xustificar a concesión da subvención nos prazos establecidos nas cláusulas correspondentes.

- Reintegrar o importe da subvención ou a parte proporcional da mesma, cando non se realice a actividade para a que foi outorgada ou non se xustifique no prazo e forma.

Décima. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica a aceptación destas bases.

O Barco de Valdeorras, 13 de novembro de 2017. O alcalde.

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

*Una vez aprobadas por la Junta de Gobierno Local, en la sesión celebrada el día 26 de octubre de 2017, las bases que se citan más abajo, se publica el presente anuncio a los efectos de que las entidades interesadas puedan presentar solicitud en el plazo de 10 días naturales a contar desde el siguiente al de publicación de las presentes bases en el BOP de Ourense.*

*Bases por las que se regula el régimen de concesión de ayudas a las ANPAS del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras para el ejercicio 2016/2017*

*Con el fin de colaborar en la importante labor realizada por las asociaciones de madres y padres de alumnos/as dentro de la comunidad escolar y para potenciar su papel como dinamizadores de la vida social del municipio, el Ayuntamiento do Barco de Valdeorras adopta una política de fomento que se concreta en las ayudas reglamentadas por las presentes bases:*

*Estipulaciones de las bases*

*Primera. Objeto de la subvención*

*El objeto de la presente convocatoria es la colaboración del ayuntamiento con las ANPAS para la realización de proyectos de interés para la comunidad educativa que sean desarrollados en cada centro escolar de manera complementaria a la actividad reglada y atendiendo situaciones de necesidad. A tal fin se regula la concesión de subvenciones a asociaciones de madres y padres de alumnos que tengan su sede en el municipio de O*

Barco de Valdeorras, y estén legalmente constituidas, para el año 2017 (curso escolar 2016-2017).

#### Segunda. Dotación económica

La dotación económica de las ayudas queda establecida para el ejercicio 2017 en la cantidad de 4.200,00 € (cuatro mil doscientos euros), consignados en la partida presupuestaria 2017-320/48900.

#### Tercera. Régimen jurídico

Esta convocatoria se regirá, además de por lo previsto en las presentes bases, por la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, por el Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento General de Subvenciones, y por lo dispuesto en la base 35 de las bases de ejecución del presupuesto de 2017 de esta Corporación.

#### Cuarta. Programas y entidades subvencionables

Las entidades que se presenten a esta convocatoria pueden hacerlo con un único proyecto de actividades. Pueden ser objeto de subvención aquellos proyectos desarrollados por ANPAS a lo largo del año natural 2017, aunque pertenezcan a la programación de dos cursos escolares distintos, cuyas actividades complementen o suplan las competencias en materia de educación del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras, mediante la realización de programas generales o específicos que sirvan para completar o reforzar los servicios en su ámbito territorial, así como el apoyo económico a los gastos de funcionamiento de la ANPA.

Los programas y actividades subvencionados atenderán, entre otros aspectos, a los siguientes:

- Actividades organizadas durante lo curso escolar 2016-2017 por asociaciones de madres y padres de alumnos legalmente constituidas, siempre que actúen en el municipio y tengan razón social en el incluso. Las actividades pueden consistir en excursiones, conferencias, representaciones, recitales, conciertos, talleres, cursillos, y otras actividades similares que tengan relación con el objeto social de una ANPA y realizadas en el propio centro.

- Programas de funcionamiento común: los gastos derivados del funcionamiento común de la ANPA también se consideran subvencionables siempre que no excedan del 30% de su presupuesto.

No serán subvencionables:

- Los gastos de inversión; se entienden por tales:
  - Las adquisiciones de bienes con un importe unitario superior a 300,51 €.
  - Las adquisiciones de bienes o la contratación de servicios de empresas u otros terceros destinados a la realización de obras o instalaciones.
- Los gastos de fin de curso.

Las asociaciones o entidades que concurren para obtener ayudas deberán reunir los siguientes requisitos;

- Estar legalmente constituidas como mínimo, un año antes y haberse adaptado a la nueva Ley de Asociaciones (Ley Orgánica 12002, de 22 de marzo, Reguladora del Derecho de Asociación).
- Tener la sede social en el municipio de O Barco de Valdeorras.
- Carecer de fines lucrativos.
- Haber cumplido con los deberes que se deriven de las presentes bases y, además, no tener deudas contraídas con la Seguridad Social, ni con las Haciendas estatal, autonómica y local.

#### Quinta. Criterios de valoración y concesión de subvenciones

1) A todas las solicitudes recibidas se le aplicará el baremo establecido y público que se incorpora, en el punto 5) de esta base.

2) Una vez valoradas todas las solicitudes se determinará la cantidad exacta que le corresponde a cada ANPA como ayuda.

3) Una vez finalizado el proceso de evaluación, se le comunicará a las ANPAS el importe de la ayuda correspondiente.

4) Para poder efectuar el pago de las asignadas a cada ANPA, estas deberán de tener justificada previamente a la última subvención recibida por el Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras. En caso de que no justificara la totalidad de la subvención, o de que parte de los justificantes se consideren improcedentes, se hará la siguiente retención sobre la cantidad de la subvención correspondiente a esta convocatoria.

Retención = (última subvención percibida) - (total justificado - justificantes improcedentes)

5) Los criterios que se aplicarán en el caso de concurrencia y competencia serán los siguientes:

- Por cada actividad organizada por el ayuntamiento y en la que participó: 12 puntos

- Por cada una de las actividades organizadas por la ANPA para el propio centro: 5 puntos

(La puntuación máxima de estos apartados será de 50 puntos)

- Programación y desarrollo de programas educativos de:

• Por cada unidad de actividad de educación ambiental que se desarrolle: 5 puntos.

• Por cada unidad de educación en valores que se desarrolle: 5 puntos.

• Por cada unidad de educación en la igualdad que se desarrolle: 5 puntos.

• Por cada unidad de educación en salud que se desarrolle: 5 puntos.

(La puntuación máxima por este apartado será de 50 puntos)

#### Sexta. Solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturales a contar desde lo siguiente al de publicación de las presentes bases en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense. A los efectos de una mayor difusión de la presente convocatoria, se publicará anuncio en las páginas locales de un diario de difusión provincial, en el tablero de anuncios físico y digital ([www.concellodobarco.org/acceso sede electrónica/Tablón de edictos](http://www.concellodobarco.org/acceso_sede_electrónica/Tablón_de_edictos)) del ayuntamiento, no en tanto, el plazo de presentación de solicitudes se computará desde la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, con independencia de cual sea la fecha de publicación en los restantes medios de difusión.

Las solicitudes se presentarán en el modelo previsto en el Anexo I (disponible en la página web del ayuntamiento ([www.concellodobarco.org/acceso sede electrónica/Impresos y formularios/Solicitudes](http://www.concellodobarco.org/acceso_sede_electrónica/Impresos_y_formularios/Solicitudes)), suscrita por el/la representante legal de la entidad interesada, irán dirigidas al alcalde, y se presentarán en el Registro General del ayuntamiento, situado en la Casa Consistorial, Edificio Multiusos, plaza del Concello, 2, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de lunes a viernes, o a través de cualquier otro medio de los previstos en el artículo 16 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Aquellas entidades que presenten varios proyectos o actividades tendrán que presentar la documentación que se solicita en estas bases para cada uno de ellos.

La solicitud deberá acompañarse de la siguiente documentación, que necesariamente deberá ser original firmada por responsable de la asociación, o copia compulsada por funcionario del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras, previo cotejo del documento original:

- Fotocopia del DNI del solicitante; fotocopia de la tarjeta de identificación fiscal.



- *Certificados originales de encontrarse al corriente del pago con la Seguridad Social y de encontrarse al corriente con la Hacienda Estatal y Autonómica, requisito previo de participación en el procedimiento, que no exime de la posterior presentación, junto con la documentación justificativa, de los correspondientes certificados de encontrarse al corriente expedidos por la Seguridad Social, la Agencia Tributaria y la Xunta de Galicia y que deben cumplirse en el momento de la solicitud.*

- *Certificado de no tener deudas contraídas con el Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras (expedido por la Tesorería municipal previa solicitud).*

- *Declaración jurada de ayudas solicitadas y/o concedidas a/por otras administraciones o entidades para la actividad o proyecto presentado para esta convocatoria de subvenciones.*

- *Certificado de la entidad bancaria en la que se hará constar el número de cuenta y el titular de esta.*

- *Proyecto de la actividad para la que solicita la subvención, donde estén determinados los objetivos que se pretenden alcanzar, la población a la que van dirigidos, el número de beneficiarios, la metodología a seguir, las actividades a realizar, los medios técnicos, personales y materiales con los que cuentan, el calendario de realización, los criterios para la evaluación y el presupuesto desglosado, de ingresos, gastos y conceptos.*

#### Séptima. Comisión Informativa de Evaluación

*El personal técnico de la Concejalía de Educación realizará un informe de cada proyecto o actividad presentado y propuesta de subvención, que posteriormente se trasladará a la Comisión Informativa de Medio Ambiente, Sanidad, Educación y Servicios para su dictamen.*

#### Octava. Aprobación, justificación y pago

*La Junta de Gobierno Local, a propuesta motivada del concejal/a de Educación, y previo informe de fiscalización de la Intervención Municipal, aprobará las propuestas de subvenciones, bien sea por el importe total previsto en la partida presupuestaria, o bien por una cantidad parcial; también puede acordar no otorgar ninguna subvención.*

*El plazo máximo para la resolución del procedimiento, que agota la vía administrativa, será de dos meses a contar desde la data siguiente a la terminación del plazo de presentación de solicitudes. Dicho plazo procederá prorrogarse por un mes más la propuesta del concejal responsable. En caso de que transcurrido dicho tiempo no se hubiesen otorgado todas o alguna de las subvenciones solicitadas, los beneficiarios considerarán las mismas denegadas por silencio negativo.*

*La notificación de la concesión de las subvenciones se hará conforme lo establecido para la práctica de la notificación en la Ley 30/1992, publicándose igualmente un anuncio en la página web municipal ([www.concellodobarco.org/acceso\\_sed\\_electrónica/Tablón de edictos](http://www.concellodobarco.org/acceso_sed_electrónica/Tablón_de_edictos)).*

*Las ANPAS subvencionadas recibirán el importe de esta una vez justificada, justificación que tendrá que hacerse antes de 15 de diciembre de 2017, segundo el anexo II, y sin previo requerimiento por parte de este ayuntamiento. De no presentarla antes de dicho plazo, se perderá el derecho a la subvención que haya podido corresponderle.*

*La concesión efectiva de estas subvenciones siesta condicionada a la correcta justificación del importe concedido, de acuerdo con el siguiente proceso:*

- *Sólo se admitirán facturas justificativas de gastos que estén comprendidas entre 1 de septiembre de 2016 y 31 de agosto de 2017.*

- *El importe conjunto de los gastos correctamente justificados, deberá ser, como mínimo, el doble del importe concedido,*

*procediéndose a la reducción proporcional para el caso de ser inferior.*

*La omisión de justificación o la incorrecta justificación de la subvención en las condiciones y plazos establecidos en estas bases supondrá que solo se subvencione la parte correctamente justificada de la actividad o proyecto.*

*En cualquiera caso, la justificación de la subvención consistirá en la presentación de los siguientes documentos:*

- *Memoria explicativa de la realización del proyecto o actividad subvencionados, con evaluación de los resultados obtenidos, firmada por/por la presidente/a de la entidad.*

- *Memoria económica: consistente en la relación de facturas originales vinculadas con la memoria de la solicitud, correspondientes a la actividad o proyecto subvencionado y al período subvencionable de esta convocatoria. Igualmente, se acercarán las facturas originales expedidas a nombre de la entidad perceptora de la subvención, en las que se deberá hacer constar todas las menciones recogidas en la normativa aplicable (Real Decreto 1619/2012, de 30 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento por el que se regulan los deberes de facturación).*

- *Justificantes de pago bancario de facturas.*

*Todas aquellas facturas que no contengan los apartados anteriormente expuestos, no tendrán valor justificativo del gasto, no considerándose subvencionables. Todas aquellas facturas que no correspondan al período subvencionable no serán admitidas. La base 35ª de las bases de ejecución del presupuesto de 2017 desarrolla la justificación de subvenciones en su apartado 6.*

- *Certificado de encontrarse al corriente con la hacienda estatal y con la hacienda autonómica, expedidos por la entidad competente.*

- *Certificado de encontrarse al corriente con la Seguridad Social, expedido por la entidad competente.*

*El ayuntamiento podrá solicitar en cualquier momento cuantos informes considere oportunos sobre el estado de realización del proyecto o actividad subvencionada, así como la aplicación de la ayuda concedida.*

*El ayuntamiento podrá anular total o parcialmente la subvención concedida cuando el programa o actividad realizada no se corresponda con el proyecto que fue objeto de subvención.*

*Procederá el reintegro de las cantidades entregadas en concepto de subvención y la exigencia de interés de demora desde el momento del pago de la subvención, en los siguientes casos:*

a) *Incumplimiento del deber de justificación.*

b) *Obtener la subvención sin reunir las condiciones requeridas.*

c) *Incumplimiento de la finalidad para la que se otorgó la subvención.*

d) *Incumplimiento de las condiciones impuestas en la base 9ª.*

*Procederá el reintegro del exceso obtenido por la asociación en el caso que se acreditara que el gasto correctamente justificado por el solicitante no es igual o superior al doble del importe de la ayuda concedida, toda vez que la ayuda concedida no puede superar el 50% del gasto correctamente justificado.*

*Previa petición de los interesados, lo que se hará constar en la instancia de petición, y acuerdo de la Junta de Gobierno Local, se podrá anticipar hasta un 80% de la subvención concedida, que se abonará en función de las disponibilidades líquidas de tesorería.*

#### Novena. Deberes de los beneficiarios

*Los perceptores de esta subvención vendrán obligados a:*

- *Responder legalmente de la veracidad de los datos expuestos y del desarrollo del proyecto o la actividad subvencionada.*

- Comunicar cualquier eventualidad que se produzca en el proyecto o actividad subvencionada.

- Todas las actividades subvencionadas deberán contener el logotipo del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras-Concejalía de Cultura y Educación como entidad colaboradora, tanto nos medios de comunicación, difusión y publicidad (página web, cartel, folleto, etc...).

- Justificar la concesión de la subvención en los plazos establecidos en las cláusulas correspondientes.

- Reintegrar el importe de la subvención o la parte proporcional de esta, cuando no se realice la actividad para la que fue otorgada o no se justifique en el plazo y forma.

*Décima. Aceptación de las bases*

La participación en la presente convocatoria implica la aceptación de las presentes bases.

*O Barco de Valdeorras, 13 de noviembre de 2017. El alcalde.*

*Fdo.: Alfredo L. García Rodríguez.*

**R. 3.529**

## O Barco de Valdeorras

Unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión realizada o día 26 de outubro de 2017, as bases que se citan máis abaixo, faise público o presente anuncio para os efectos de que as entidades interesadas poidan presentar solicitude no prazo de 10 días naturais, contados dende o seguinte ao de publicación das presentes bases no BOP de Ourense.

Bases polas que se regula o réxime de concesión de subvencións destinadas ás entidades culturais do Concello do Barco de Valdeorras para o exercicio 2017

Exposición de motivos

O Concello do Barco de Valdeorras entende a acción cultural como un marco de colaboración mutua entre a institución local e as asociacións, como dinamizadores da vida social e cultural do municipio. Neste sentido o concello adopta unha liña de axudas á promoción cultural mediante a convocatoria pública regulada polas presentes bases:

Obxecto da subvención, réxime xurídico e dotación económica

Primeira.- As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás entidades culturais do Concello do Barco de Valdeorras no desenvolvemento das súas actividades de promoción e cooperación cultural e á difusión e animación sociocultural que contribúan ao espallamento e á promoción da cultura galega no Concello do Barco de Valdeorras e redunden en beneficio da cidadanía.

Esta convocatoria rexeráse, ademais de polo previsto nas presentes bases, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante), polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións (RXS en adiante), pola Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (LSG en adiante), e polo disposto nas Bases de execución do orzamento de 2017 desta Corporación.

As subvencións que se regulan nas presentes bases non poderán superar o 50% do orzamento da actividade e destinaranse exclusivamente para atender os gastos relacionados polas asociacións nos orzamentos presentados para obter a subvención, en base a memoria de actividades a realizar.

Faranse con cargo á aplicación orzamentaria 2017-330/489.00.

En ningún caso o Concello do Barco de Valdeorras terá responsabilidade nas actividades que se fagan polas entidades culturais, que serán de exclusiva conta destas.

O importe máximo do gasto será de 9.500,00 euros.

Tramitaranse conforme aos artigos 17 e 18 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e Base 35. 5º, das de execución do orzamento.

Quedan excluídas desta convocatoria as actividades ou proxectos que inclúan:

- Gastos correspondentes á adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables.

- Gastos de funcionamento da asociación.

- Solicitudes que incorran en falsidade manifesta de documentación.

- Gastos de comida e bebida de festas populares.

- Que sexan ou poidan ser obxecto doutra convocatoria municipal.

- Que atenten contra os dereitos humanos e valores universais como a paz, a solidariedade, a igualdade de xénero, o respecto ao medio ambiente e a interculturalidade.

Segunda.- Poderán solicitar estas subvencións e terán dereito a elas as entidades culturais legalmente constituídas e que figuran inscritas no Rexistro Oficial de Entidades Culturais da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha antigüidade non inferior a un ano anterior á data da solicitude da presente subvención e realicen as actividades no Municipio do Barco.

Non poderán optar ás subvencións establecidas nas presentes bases as entidades culturais que estean suxeitas a un convenio nominal de colaboración co Concello do Barco.

Terceira.- As entidades culturais solicitantes da subvención deberán ter constituído o seu domicilio social no Concello do Barco de Valdeorras, ao igual que as instalacións (propias ou non) onde realicen habitualmente a súa práctica cultural.

Solicitudes e documentación necesaria

Cuarta.- O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais contados desde o seguinte ao de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Para os efectos dunha maior difusión da presente convocatoria, publicarase anuncio nas páxinas locais dun diario de difusión provincial, no taboleiro de anuncios físico e dixital ([www.concellodobarco.org/Acceso sede electrónica/Taboleiro de edictos](http://www.concellodobarco.org/Acceso_sede_electrónica/Taboleiro_de_edictos)) do concello, non en tanto, o prazo de presentación de solicitudes computarase desde a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, con independencia de cal sexa a data de publicación nos restantes medios de difusión.

As solicitudes presentaranse no modelo previsto no Anexo I (dispoñible na páxina web do concello ([www.concellodobarco.org/Acceso sede electrónica/Impresos e formularios/Solicitudes](http://www.concellodobarco.org/Acceso_sede_electrónica/Impresos_e_formularios/Solicitudes)), subscrita polo/a representante legal da entidade interesada, irán dirixidas ao Sr. alcalde, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, situado na Casa do Concello, Edificio Multiusos, praza do Concello, 2, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres, ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinta.- As solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación, que necesariamente deberá ser orixinal asinado por responsable da asociación, ou copia compulsada por funcionario do Concello do Barco de Valdeorras, previo cotexo do documento orixinal:

- Datos identificadores do petionario conforme o modelo de solicitude (Anexo I) que se achega ás presentes bases e fotocopia do DNI daquel.

- Certificados orixinais de atoparse ao corrente do pagamento coa Seguridade Social e de atoparse ao corrente coa Facenda Estatal e Autonómica, requisito previo de participación no pro-